



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

## Val do Dubra - Regulamento do funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Val do Dubra

Publicación provisional : 13-10-2010 BOP Nº 195 -- Publicación definitiva : 08-02-2011 BOP Nº 26

Redacción Aplicable desde 18-10-2013

Redacciones

- Artigo 1º.- Obxecto.
- Artigo 2º.- Requisitos.
- Artigo 3º.- Integración de nenos/as con discapacidade.
- Artigo 4º.- Reserva de prazas e novas solicitudes.
- Artigo 5.- Baremo de admisión.
- Artigo 6.- Comisión de baremación.
- Artigo 7.- Relación de admitidos e lista de espera.
- Artigo 8.- Incidencias.
- Artigo 9.- Baixas.
- Artigo 10.- Vacacións.
- Artigo 11.- Horario.
- Artigo 12.- Participación dos pais.
- Artigo 13.- Financiamento do servizo.
- Disposición derogatoria.
- Disposición final.
- ANEXO I
- Nota do Servizo de Asistencia Económica a Municipios

### Artigo 1º.- Obxecto.

Regula-lo funcionamento da Escola Infantil Municipal de Val do Dubra.

### Artigo 2º.- Requisitos.

- Os pais ou representantes legais, e máis o menor para o que se solicita a praza, deberán figurar de alta no padrón municipal de habitantes de Val do Dubra na data da solicitude.

- O rapaz para o que se solicita a praza deberá ter como mínimo tres meses de idade no momento de ingreso no centro, e non ter cumpridos os tres anos o 31 de marzo do ano no que se solicita a praza.

### Artigo 3º.- Integración de nenos/as con discapacidade.

A integración de nenos/as con discapacidade estará supeditada para cada curso á existencia de persoal axeitado e en número suficiente. En ningún caso haberá máis dun neno/a de integración por aula, e a efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

### Artigo 4º.- Reserva de prazas e novas solicitudes.

Poderán solicitar praza no centro de atención á primeira infancia de Val do Dubra os nenos/as coa idade mínima de 3 meses e non poderán ter cumpridos os 3 anos antes do 31 de marzo do ano no que se solicita a praza.

No momento do seu ingreso, abríraselles un expediente persoal, no que constará, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

Os prazos de solicitude serán os que se establecen na seguinte táboa:

RENOVACIÓNS E PREINSCRICIÓNS DO 15 AO 31 DE MARZO.

PAZO DE RECLAMACIÓN 10 DEZ DÍAS NATURAIS A PARTIR DA PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO

PERÍODO DE MATRICULACIÓN DO 15 AO 25 DE ABRIL

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello, segundo o modelo establecido, achegando con ela os seguintes documentos:

1-Fotocopia do libro de familia completa e DNI dos solicitantes.

2-Xustificación de ingresos: última nómina e declaración do IRPF de cada membro da unidade familiar computable para efectos económicos: pais e fillos, e no caso de familias monoparentais, só pai/nai e fillos.

No caso de non ter obriga de presentar declaración:

Os solicitantes de devolución rápida (MOD 104), achegarán copia da comunicación que lles envía a Axencia Estatal Tributaria en aplicación do artigo 81 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

As persoas non obrigadas a declarar e que non solicitan devolución rápida (MOD 104) achegarán certificación dos datos existentes na administración, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, en aplicación do artigo 16 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes. Certificación positiva ou negativa de percepción da prestación económica do INEM, xustificantes doutros ingresos.

3- Mentres o neno/a acuda ao centro certificado de residencia no Concello de Val do Dubra e informe de Convivencia da unidade familiar cuxos ingresos foron computados para a aplicación do prezo público de utilización do centro. Para estes efectos enténdese por unidade de convivencia ás persoas unidas por vínculos de matrimonio ou ás unidades de convivencia que constitúan núcleos estables de vida en común, e mailos seus fillos.

4- Certificados de minusvalía (de se-lo caso)

5- Título de familia numerosa (de se-lo caso)

De carecer dalgún dos documentos sinalados no apartado 1), 2), e 3) será necesario presentar calquera outro documento que acredite oficialmente a situación familiar, económica ou social segundo proceda.

Así mesmo, e de carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas, poderase presentar un informe dos Servizos Sociais do Concello.

No caso de que a solicitude non reúna os requisitos esixidos, o Concello consonte o artigo 71 da Lei 30/92 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, requirirá ó interesado para que, nun prazo de 10 días, corrixa os erros detectados ou engada os documentos necesarios, con indicación de que se así non se fixera, se terá por desistido de súa petición, logo de resolución en tal sentido.

Os interesados terán que presentar dentro dos 10 días seguintes á notificación da admisión a seguinte documentación complementaria.

-Certificado médico do neno/a

-Fotocopia da carta actualizada de vacinación

-2 fotografías tamaño carné do neno/a

Os interesados terán que presentar para a formalización da matrícula, a seguinte documentación complementaria:

\* Certificado médico do neno/a.

\* Cartilla actualizada de vacinación.

\* 2 fotografías tamaño carnet do neno/a

Se non presentase a devandita documentación no prazo sinalado, terase por decaída a solicitude de praza logo de resolución para o efecto.

As nenas e nenos escolarizados no curso anterior na escola infantil, terán dereito preferente á renovación da súa praza, sempre que reúnan os requisitos establecidos no artigo 2 e que non se modifique o horario no que xa estaban matriculados; nese caso, perderán a preferencia.

As prazas de novo ingreso adxudicaranse pola seguinte orde:

1º.- Os fillos do persoal que preste servizo na escola infantil municipal de 0 a 3 anos de Val do Dubra.

2º.- Os solicitantes con irmán con praza (renovada ou de novo ingreso) no centro.

3º.- Menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar.

4º.- As prazas que queden vacantes adxudicaránse ás persoas solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no anexo I.

## Artigo 5.- Baremo de admisión.

A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no ANEXO I, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos familiares e laborais da unidade familiar. En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

## Artigo 6.- Comisión de baremación.

A tódalas solicitudes recibidas aplicarase un procedemento de valoración. Para tal fin constituirase unha comisión coa seguinte composición:

Presidente: O Alcalde.

Vocal: O/a director/a da gardería e a Traballadora Social

Secretario/a : O secretario/a da corporación local ou persoa en quen delegue.

Os acordos tomaranse por maioría simple e resolverá, en caso de empate, o presidente.

## Artigo 7.- Relación de admitidos e lista de espera.

7.1. Unha vez estudadas pola comisión tódalas solicitudes presentadas, e unha vez resoltas, procederase á publicación da relación provisional de admitidos, e da lista de espera, no taboleiro de anuncios do Concello.

7.2. No prazo de dez días contados a partir da data de exposición da relación provisional de admitidos, os interesados poderán presentar no rexistro do Concello as reclamacións que estimen oportunas dirixidas ó presidente da comisión de baremación.

7.3. Estudiadas pola comisión de baremación tódalas reclamacións presentadas, expoñerase no taboleiro de anuncios do Concello a relación definitiva de admitidos e a lista de espera coa puntuación obtida en cada caso.

7.4. As resolucións recaídas deberán selles notificar ós solicitantes. Os admitidos disporán dun prazo de dez días para confirmaren a súa praza e achegaren a documentación complementaria.

7.5. As vacantes que se vaian producindo ó longo do curso serán cubertas por rigurosa orde de puntuación entre os solicitantes en lista de espera ata o 30 de abril

Non poderá renovar praza o solicitante que no momento da reserva teña pendente o pagamento dalgunha mensualidade.

## Artigo 8.- Incidencias.

A inasistencia do usuario por un período determinado, xustificado ou non, non da dereito á redución nas tarifas, mentres non se formalice a baixa correspondente.

Con carácter excepcional, poderase solicitar exención de pagamento por causas de enfermidade do usuario, dende o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro.

## Artigo 9.- Baixas.

Será causa de baixa na gardería por algunha das circunstancias seguintes:

- 9.1. Por cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia na gardería.
- 9.2. Por solicitude dos pais ou representante legais.
- 9.3. Polo non pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ó que se refire a débeda.
- 9.4. Por comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
- 9.5. Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
- 9.6. Por falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.

As baixas por incompatibilidade ou inadaptación serán resoltas pola comisión, unha vez oídos a dirección escolar e mailo interesado. As baixas producidas ó longo do curso escolar por calquera dos motivos anteriores, cubriranse coas solicitudes que quedasen en lista de espera en cada grupo de idade, por orde de puntuación.

## Artigo 10.- Vacacións.

As vacacións de verán terán un mes de duración que será o de Agosto.

## Artigo 11.- Horario.

1.- O horario da gardería será de 08:00 as 19:55 horas, sendo o máximo de horas de asistencia do menor ó centro, de oito horas. Só en casos de especial necesidade, e tra-la debida xustificación dos horarios de traballo de ámbos os pais e a falta dunha persoa que os poida recoller do centro, permanecerán no centro o máximo do horario. Será valorado pola comisión.

\* A Comisión poderá modifica-lo horario segundo as necesidades existentes, así como os casos de horarios especiais.

o A Comisión propondrá ó Pleno a modificación destas bases segundo as necesidades existentes, e como mínimo serán revisadas anualmente.

O horario das merendas non excederá das 17:00 horas.

Os usuarios dentro do horario de apertura do centro poderán optar por xornada completa continuada ou por media xornada:

- Enténdese por xornada continuada aquela que se desenvolve dende as primeiras horas da mañá, abrangue as horas centrais da actividade escolar e inclúe o servizo de cociña, con independencia da potestade organizativa do centro.

- Enténdese por media xornada aquela que, cun horario máximo de catro (4) horas, se desenvolve en xornada de mañá, con ou sen servizo de cociña, ou en xornada de tarde, con independencia da potestade organizativa do centro.

Con carácter excepcional poderán admitirse solicitudes de xornada partida cando por circunstancias familiares debidamente acreditadas documentalmente, se xustifique esta necesidade.

### 2.- Calendario

Na escola infantil o curso escolar dará comezo o día 1 de setembro, agás que coincida en fin de semana.

O centro permanecerá aberto de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e os días 24 e 31 de decembro. Os días 5 de xaneiro e martes de carnaval o centro permanecerá pechado pola tarde.

## Artigo 12.- Participación dos pais.

Dende a dirección do centro fomentarase a colaboración dos pais coa escola infantil e as relacións co persoal desta, así coma a participación nos órganos colexiados que poideran crearse.

## Artigo 13.- Financiamento do servizo.

A prestación do servizo da escola infantil municipal financiarase coas achegas da comunidade autónoma de Galicia, da Deputación Provincial, do propio Concello e dos propios usuarios.

## Disposición derogatoria.

Queda derogado o Regulamento do funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Val do Dubra.

## Disposición final.

O devandito regulamento entrará en vigor unha vez publicado no boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da citada Lei 7/1985, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte.

## ANEXO I

BAREMO DE APLICACIÓN ÁS SOLICITUDES DE ADMISIÓN NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

Baremo

### 1º. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR.

- 1.1.-Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos.
- 1.2.-Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea a cargo desta: 1 punto.
- 1.3.-No caso de que a nena/o para a/o que se solicita praza naceuse nun parto múltiple: 1 punto.

1.4.-Por cada membro da unidade familiar, afectado por minusvalidez, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia: 2 puntos.

1.5.-Pola condición de familia monoparental: 3 puntos.

1.6.-Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: 6 puntos.

1.7.-Pola condición de familia numerosa: 3 puntos.

1.8.-Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas: ata 3 puntos

## 2º. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR.

2.1. Situación laboral de ocupación:

-Nai: 5 puntos.

-Pai: 5 puntos.

2.2. Situación laboral de desemprego (1):

-Nai: 2 puntos.

-Pai: 2 puntos.

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do

prazo de presentación de solicitudes.

No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

## 3º. SITUACIÓN ECONÓMICA.

RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

-Inferior ao 30% do IPREM: 4 puntos.

-Entre o 30% e inferior ao 50 % do . IPREM: 3 puntos.

-Entre o 50 % e inferior ao 75% do IPREM: +2 puntos.

-Entre o 75 % e inferior ao 100 % do IPREM: +1 punto.

-Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM: -1 punto.

-Entre o 125 % e inferior ao 150 % do IPREM: -2 puntos.

- Entre o 150% e o 200 % do IPREM: -3 puntos.

- Superior ao 200% do IPREM: -4 puntos.

\* En caso de obter igual puntuación, terán preferencia un primeiro lugar as solicitudes de xornada completa con servizo de cociña e despois da aplicación deste criterio daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa (Orde do 14 de febreiro de 2013, pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da consellería de Traballo e Benestar para o curso 2013/2014.- DOG 20/02/2013).

\* Para efectos desta orde están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM ) vixente.

\* No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais, adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2ª e 3 do baremo.

## Nota do Servizo de Asistencia Económica a Municipios

A modificación da ordenanza dispón a súa entrada en vigor ó día seguinte a súa publicación no B.O.P., pero se debe ter en conta que o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril , reguladora das Bases do Réxime Local establece que:

".....Las ordenanzas, incluídos el articulado de las normas de los planes urbanísticos, así como los acuerdos correspondientes a éstos cuya aprobación definitiva sea competencia de los entes locales, se publicarán en el "Boletín Oficial" de la provincia y no entrarán en vigor hasta que se haya publicado completamente su texto y haya transcurrido el plazo previsto en el [artículo 65.2](#) salvo los presupuestos y las ordenanzas fiscales que se publican y entran en vigor en los términos establecidos en la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales....." (desde el 10 de marzo de 2004 RDL 2/2004, de 5 de marzo).

Artigo 65.2: "El requerimiento deberá ser motivado y expresar la normativa que se estime vulnerada. Se formulará en el plazo de quince días hábiles a partir de la recepción de la comunicación del acuerdo."

